

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE OUTES

CURSO 2022-2023

1. INTRODUCCIÓN

A programación de aula constitúe o terceiro nivel de concreción curricular e nela especifícanse as prioridades, principios e criterios recollidos no proxecto educativo, así como os criterios para a selección, secuenciación e organización dos contidos e orientacións metodolóxicas expresadas na concreción curricular (2º nivel de concreción curricular). Pódese definir como o conxunto de accións mediante as cales se transforman as intencións educativas máis xerais en propostas didácticas máis concretas.

A programación didáctica que se presenta a continuación está elaborada para o curso académico 2022-2023, sendo este documento unha guía eficaz para a práctica educativa da Escola Infantil Municipal de Outes. Foi elaborada a partir da reflexión da normativa actual e en base a mesma contextualizada á nosa realidade concreta.

A Escola Infantil Municipal do Concello de Outes configúrase como un servizo público de funcionamento diúrno, de titularidade municipal que depende da Área de Servizos Sociais; de carácter social e educativo, dirixido á poboación infantil de entre 3 meses e 3 anos.

Conta cun total de 30 prazas autorizadas en dúas unidades:

1. **Aula 0-2.** Destinada a menores de entre 3 meses e dous anos. Con capacidade para 10 prazas das cales 8, como máximo, serían bebés (nenos/as menores de 1 ano).
2. **Aula 2-3.** Destinada a menores de entre dous e tres anos de idade. Con capacidade para 20 prazas.

No caso de non existir demanda suficiente para formar un ou varios grupos do mesmo nivel de idade, os nenos e nenas poderán ser agrupados conforme á seguinte proporción:

1. Grupos formados por nenos e nenas de ata 2 anos de idade: 1/10.
2. Grupo formados por nenos e nenas de idades comprendidas no tramo 0-3: 1/15

Estas distribucións estará suxeitas a posibles modificacións no caso de que en función da demanda existente en cada curso escolar fose necesario solicitar redistribucións temporais das unidades.

O horario de apertura da EIM de OUTES é de luns a venres de 8:00 a 19:00 horas, de xeito ininterrompido excluídos os días considerados festivos no calendario laboral e aqueles que así o determine a dita resolución. En canto ó tempo de permanencia diaria na escola infantil, limitarase a un mínimo de 3 horas e un máximo de 8 e gozarán dun mes de vacacións durante o curso escolar.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

I. SITUACIÓN E CONTORNA DO CENTRO

A Escola Infantil Municipal de Outes atópase situada Rúa da Emigración, nº2- Lugar de Cruceiro Roo - 15287 Outes-A Coruña

Trátase dun concello que se atopa na costa oriental da provincia da Coruña. Linda con Noia ó sur, Negreira ó este, Mazaricos ó norte e Muros ó oeste e divídese en dez parroquias. Posúe unha poboación de pouco máis de 6 000 habitantes cun amplo número de núcleos de poboación -máis de 150- e moi dispersos entre si, dispostos nos case 100 km² de extensión, e concentrándose a poboación no litoral, nos núcleos próximos á costa.

O desenvolvemento económico do concello baséase na agricultura, gandería, pesca e marisqueo, así como no comercio e na industria madeireira. O sector pesqueiro concéntrase maioritariamente no porto do Freixo e na produción industrial destacan tres sectores: serradoiros, estaleiros e a construción.

O nivel de actividade económica da contorna pódese considerar medio-baixo. Constatándose un progresivo aumento do sector servizos e da construción, fronte á diminución do sector primario e con elevados índices de desemprego xuvenil.

En canto a infraestruturas, servizos sociais e culturais existentes, o municipio Outes conta con: servizos sociais de atención primaria (programas de prestación, información e orientación, prestación de apoio á unidade de convivencia, actuacións específicas de prevención e inserción, axudas económicas individualizadas), escola infantil, centro de saúde, un CEIP, un IES, casa da cultura, pavillóns polideportivos, piscina municipal, centro social, centro de información á muller, xulgado de paz, cuartel da garda civil, policía municipal etc.

II. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

Atendendo ao decreto 329/2005 do 28 de xullo, podemos definir A Escola Infantil Municipal (EIM) de Outes como un equipamento diúrno de carácter educativo e asistencial, dirixido ao sector infantil da poboación de ata 3 anos de idade, que ten por obxecto o desenvolvemento harmónico e integral dos nenos/as, realizando ademais un importante labor de apoio á función educativa da propia familia á vez que facilita o acceso aos pais e nais ao mundo laboral. O centro reúne todas as características esixidas polo anterior decreto citado.

O conxunto dos materiais e a súa disposición no centro, xunto coa distribución espacio-temporal, son elementos moi importantes na configuración do ambiente educativo. Por iso, a continuación, considérase oportuno facer referencia á distribución dos espazos da Escola Infantil o cal pretende adaptarse ás necesidades dos nenos e nenas baixo os criterios de funcionalidade, versatilidade, habitabilidade e seguridade.

No centro pódense diferenciar as seguintes zonas:

- Recibidor
- despacho
- Dúas aulas con cada seu aseo
- Zona de descanso.
- WC adultos.
- Vestiarios
- Sala de usos múltiples e cociña
- Patio.

III. NIVEIS EDUCATIVOS

Dito centro atende a nenos/as do 1º ciclo de Educación Infantil. A idade mínima de novo ingreso establécese nos 3 meses na data de ingreso, agás aquelas situación excepcionais que deberán estar acompañadas dos informes de Servizos Sociais de Atención Primaria do Concello. A idade máxima será de 3 anos e poderán permanecer na Escola Infantil aqueles menores que non teñan cumpridos os 3 anos o 31 de decembro do ano anterior ao que se presenta a solicitude. Poderán eximirse do límite ós nenos e nenas con necesidades específicas de apoio educativo susceptibles de integración, logo do ditame conxunto da dirección e do organismo competente do Concello.

IV. RECURSOS HUMANOS

A Escola infantil municipal do concello de Outes contará co seguinte persoal:

- Persoal de atención educativa:
 - 2 mestras titoras.

- 2 educadoras.
- 1 directora pedagóxica con funcións de apoio.

V. SERVIZOS

Atendendo ás normas de funcionamento da Escola Infantil Municipal de Outes conta cos seguintes servizos:

- **Servizo de atención educativa:** encamiñada a perseguir os obxectivos de etapa, de ciclo e de curso.
- **Servizo de cociña:** prestación consistente na achega dos medios persoais e materiais necesarios para a adecuada distribución e consumo dos alimentos que traen os propios usuarios. As familias asinarán autorización para a administración dos alimentos e compromiso de achegalos en perfecto estado de conservación e envasado.

VI. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO E DAS SÚAS FAMILIAS

O alumnado da Escola Infantil conforma un grupo moi heteroxéneo debido ás idades da rapazada, polo tanto presentan moitas diferenzas entre si. Dende o centro debe atenderse a dita individualidade, adaptándose ás necesidades de cada un dos usuarios e usuarias.

O contexto no que vive o alumnado é, nunha alta porcentaxe, de galegofalantes, aínda que cómpre salientar un sector reducido de castelán falantes residentes na súa maioría na Serra de Outes.

As linguas usadas habitualmente no centro serán o galego e o castelán, por ser as dúas linguas oficiais de Galicia. Así, nas normas de funcionamento das escolas de educación infantil recóllese “Na etapa de educación infantil o persoal educador empregará na aula as dúas linguas cooficiais, fomentando a participación en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas. De acordo co previsto no Decreto 150/2022, do 8 de setembro do 2022, as ensinanzas mínimas requirirán o 50 por cento dos horarios escolares para as comunidades autónomas que teñan lingua cooficial, como é o caso da Comunidade Autónoma de Galicia”.

3. PERIODO DE ADAPTACIÓN

Cando o neno/a se incorpora ao centro, sofre unha separación importante da súa familia, “rómpeuse” o lazo afectivo coa figura de apego e orixínase por tanto un conflito. A forma en como se solucione este

conflicto e o tempo que se emprega para que o neno/a asimile felizmente a rotura deste lazo é o que chamamos período de adaptación.

Desde o punto de vista pedagóxico, este momento adquire grande importancia, xa que a súa actitude ante a escola, ante as relacións sociais e ante os aprendizaxes ó longo de toda a escolarización vai a depender de como asimile este proceso, positiva ou negativamente.

É responsabilidade conxunta de familias e educadoras organizar un adecuado período de adaptación para que estes primeiros tempos de escolarización sexan asumidos polas crianzas sen traumas.

A Escola Infantil Municipal de Outes conta con un plan de adaptación, que a pesar de non ser obrigatorio, si se fai fincapé na importancia do mesmo e polo tanto debe seguir un proceso:

- A organización do tempo das crianzas de 3 meses a 3 anos deberá ser flexible para adecuarse ós seus ritmos de actividade e descanso. Non obstante, considerarase que os nenos/as deberán acudir ao centro nun horario fixo, nos momentos de entretemento e lecer e a comezos de semana, cunha estancia non superior a 30 minutos e ampliando a súa estancia na escola en función da evolución da crianza.
- O proceso de adaptación poderase ver alterado por calquera circunstancia persoal que as educadoras consideren necesario en función das características persoais de cada neno.
- Se a crianza se ausentase do centro tras longos períodos de tempo volverase a realizar o período de adaptación.
- No caso de que calquera dos anteditos aspectos non sexan cumpridos, tal e como neste documento aparecen recollidos, non se admitirán as crianzas no centro.

4. OBXECTIVOS

A Escola Infantil Municipal de Outes cumpre unha dobre función: asistencial e educativa. Ofrece ós seus usuarios e usuarias unha atención integral sen distinción de raza, sexo ou condición social, dirixida ao desenvolvemento harmónico e integral dos menores e á compensación de desigualdades sociais, económicas e culturais, realizando ademais un importante labor de apoio á función educativa da propia familia.

Toda programación, na medida que implica intencionalidade require establecer uns obxectivos, definidos como “finalidades xerias que o neno/a acada unha vez adquiridas determinadas destrezas, técnicas e actitudes”.

Os obxectivos, resultan da concreción daqueles outros de instancias superiores: os de área e os de etapa. Podemos falar duns obxectivos xerais, que no caso de nosa comunidade recóllense no 150/2022 do 8 de setembro. É neste decreto onde atopamos tamén definidos os obxectivos de área, para cada un dos dous ciclos que abrangue a etapa da educación infantil, os cales tomaremos como referencia para a redacción dos obxectivos didácticos que se recollen a continuación:

- **Área de comunicación e representación de linguaxes**

- Comprender as mensaxes verbais que lles comunican outras persoas.
- Descubrir de forma coherente situacións vividas ou imaxinadas.
- Descubrir e empregar formas de comunicación e representación non verbal (plástica, corporal, musical,...) para expresar situacións, emocións, desexos,...
- Comprender e reproducir algúns textos de tradición cultural (contos, cancións,...) mostrando interese e disfrutando con eles.
- Avanzar no desenvolvemento da creatividade a partir de actos de expresión voluntarios.

- **Área de crecemento en harmonía**

- Descubrir e aceptar as características persoais propias.
- Descubrir e empregar as posibilidades que lles ofrece o seu corpo a nivel motriz, expresivo e postural adaptándose á execución de tarefas da vida cotiá e actividades lúdicas.
- Progresar no desenvolvemento da motricidade fina e coordinación viso-manual para mellorar a exploración obxectos.
- Planificar e secuenciar a propia acción para resolver tarefas sinxelas, alcanzando metas progresivas de autonomía e independencia.
- Identificar e comunicar os propios sentimentos, desexos e emocións, así como comprender e respectar as dos demais.
- Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionadas co benestar e a saúde.
- Adecuar o propio comportamento ás necesidades e demandas doutras persoas.

- Empregar os sentidos na exploración do propio corpo, identificando sensacións e percepcións.
- **Área de descubrimento e exploración do contorno**
- Observar e descubrir os diversos elementos da paisaxe natural, as características e comportamentos dalgúns animais e plantas do entorno.
- Observar os cambios ós que están sometidos os elementos do entorno podendo identificar algúns factores que inflúen sobre eles (clima, estacións, actuación das persoas...).
- Coñecer e practicar normas e hábitos esenciais dos grupos sociais: familia, escola e veciñanza.
- Mostrar interese pola comprensión do medio físico e social.
- Evidenciar o paso do tempo a través das actividades e rutinas diarias.
- Orientarse nos espazos coñecidos conseguindo una maior independencia respecto do adulto.
- Explorar os obxectos e comparalos atendendo a unha das súas propiedades: cor, forma, tamaño e textura.

5. CONTIDOS

Atendendo ao decreto 150/2022 do 8 de setembro, podemos definir os contidos como aqueles coñecementos, destrezas e actitudes propios dunha área e cuxa aprendizaxe é necesaria para adquirir o nivel de desempeño indicado nos criterios de avaliación e para o logro dos obxectivos da área.

Os contidos a traballar durante o curso 2022- 2023 son os seguintes:

- **Área de comunicación e representación de linguaxes**
 - Comprensión das mensaxes verbais que lles comunican outras persoas.
 - Descubrimento e emprego de formas de comunicación e representación non verbal (plástica, corporal, musical, etc.) como medio para a expresión de situacións, emocións, desexos...
 - Comprensión e reprodución de algúns textos de tradición cultural (contos, cancións...) mostrando interese e gozando con eles.
 - Avance no desenvolvemento da creatividade a partir de actos de expresión voluntarios.
- **Área de crecemento en harmonía**
 - Descubrimento e aceptación das características persoais propias.
 - Descubrimento e emprego das posibilidades que lles ofrece o seu corpo a nivel motriz, expresivo e postural adaptándose á execución de tarefas da vida cotiá e actividades lúdicas.

- Progreso no desenvolvemento da motricidade fina e coordinación viso-manual.
 - Planificación e secuenciación da propia acción para resolver tarefas sinxelas, acadando metas progresivas de autonomía e independencia.
 - Identificación e comunicación dos propios sentimentos, desexos e emocións, así como comprensión e respecto polas demais persoas.
 - Progreso na adquisición de hábitos e actitudes relacionadas co benestar e a saúde.
 - Adecuación do propio comportamento ás necesidades e demandas doutras crianzas e persoas adultas.
 - Emprego dos sentidos para a exploración do propio corpo, identificando sensacións e percepcións.
- **Área de descubrimento e exploración do contorno.**
 - Observación e descubrimento dos diversos elementos da paisaxe natural, as características e comportamentos dalgúns animais e plantas do entorno.
 - Observación dos cambios aos que están sometidos os elementos do entorno (clima, estacións, actuación das persoas,...).
 - Coñecemento das normas e hábitos esenciais dos grupos sociais: familia, escola e veciñanza.
 - Cumprimento das normas.
 - Mostra interese pola comprensión do medio físico e social.
 - Evidenciación do paso do tempo a través das actividades e rutinas diarias.
 - Orientación nos espazos coñecidos dando lugar a unha maior independencia respecto do adulto.
 - Exploración dos obxectos e comparación dos mesmos, atendendo a unha das súas propiedades: cor, forma, tamaño e textura.

6. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Os contidos relacionados coa educación en valores teñen grande importancia dentro do noso currículo, así se recolle en diferentes textos lexislativos do noso sistema educativo, entre eles Decreto 150/2022 do 8 de setembro. Os valores preséntanse como un conxunto de contidos que interactúan con todas as áreas do currículo, e o seu desenvolvemento afecta á globalidade do mesmo. A través da educación en valores

inténtase potenciar e afianzar unha cultura e unha forma de ser baseada no respecto ós demais. Os valores que se deben traballar na aula son os seguintes:

- Educación para a igualdade e a convivencia
- Educación para a paz e a non violencia
- Educación para a saúde
- Educación ambiental
- Educación vial
- Educación para o consumo

A importancia de traballar eses temas transversais pode xustificarse desde unha perspectiva socioantropolóxica, xa que a escola debe ter un carácter preventivo e compensador como resposta ás demandas dunha sociedade plural e cambiante; desde unha perspectiva pedagóxica, argumentado que se debe evitar, na medida do posible, a aparición do currículo oculto, co cal tódolos contidos deben estar programados, e tamén dende un punto de vista legal.

7. METODOLOXÍA

A LOMLOE no seu artigo 14 sinala que “os métodos de traballo para ambos ciclos se basearán nas experiencias de aprendizaxe emocionalmente positivas, actividades e o xogo e aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza, para potenciar a autoestima e a integración social e o establecemento dun apego seguro”.

Dentro do Decreto 150/2022, do 8 de setembro, no seu anexo II atopamos recollidas unhas orientacións pedagóxicas entendidas como “indicacións para orientar o profesorado no deseño e na planificación das estratexias, os procedementos e as accións docentes, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado que lle permita o logro dos obxectivos e a adquisición das competencias”. Debemos diferenciar entre as orientacións pedagóxicas comúns para as tres áreas, e as liñas de actuación específicas para cada área.

- **Orientacións pedagóxicas**

- Buscar a consecución dos obxectivos de área en combinación a súa vez co resto de áreas.
- Enfoque gradual e progresivo.
- Contribución á adquisición das competencias clave.

- Contribución dos logros dos obxectivos xerais de etapa.
- Deseño de actividades que contemplan a relación entre os obxectivos de área e as competencias clave.
- Seleccionar criterios de avaliación que se axusten ás finalidades que se buscan coas actividades plantexadas.
- **Liñas de actuación**

Área Comunicación e representación da realidade.

- Deseño de situacións de aprendizaxe nas que as nenas e os nenos poidan empregar os elementos básicos da comunicación oral, como a escoita atenta, o establecemento de quendas, darlle coherencia a un discurso, facer propostas ou expresar opcións e defendelas ...
- A inmersión na lingua escrita aproveitando a elevada motivación das nenas e dos nenos.
- Situacións de aprendizaxe onde a linguaxe musical e corporal vaian da man para un descubrimento e vivencia natural do son e das súas calidades, da musicalidade das contornas e das distintas manifestacións artísticas.
- Uso normalizado da lingua galega nos diversos ámbitos e situacións.
- Valoración da biblioteca e da fonoteca do centro ou da aula como fontes de información e espazos para o lecer e a creatividade.
- A introdución na aula de sistemas alternativos e aumentativos de comunicación que faciliten a adquisición e a interiorización das rutinas, o acceso á información...

Área Crecemento en harmonía.

- A busca do máximo desenvolvemento dos nenos axustando a intervención educativa ao seu momento evolutivo, respectando os ritmos e as características individuais e propoñendo situacións de aprendizaxe motivadoras que leven a valorar os propios logros, buscando progresivamente a súa autonomía na realización destas.
- Os coñecementos e experiencias previas como punto de partida para garantir a significatividade das aprendizaxes.

- O fomento das relacións entre as persoas coas que interaccionan as nenas e os nenos, a expresión positiva da súa imaxe e da confianza que se teña delas e deles para a construción da propia identidade.
- A apertura á comunidade e a colaboración coas familias establecendo canles para o intercambio de información, así como a súa participación na vida da escola.
- A organización dos tempos basearase que durante a xornada combinaranse tempos de rutinas cos destinados a outras actividades específicas e respectaranse as características e as necesidades individuais.
- A valoración da importancia da expresión de emocións e da autorregulación destas a través da creación de vínculos de apego que transmitan seguridade e confianza nas súas posibilidades.

Área descubrimento e exploración da contorna.

- A proposta de situacións de aprendizaxe contextualizadas a partir das súas experiencias e coñecementos previos, nas que as nocións matemáticas, espaciais e temporais sexan as ferramentas de traballo no desenvolvemento dos procesos de razoamento lóxico e método científico.
- A curiosidade, a realización de actividades manipulativas e sensoriais.
- A resolución de retos e situacións problemáticas e a busca de solucións de maneira autónoma, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e promovendo o traballo en equipo.
- O deseño de situacións STEAM que faciliten a aplicación das habilidades do pensamento computacional e que lle axuden ao alumnado a superar situacións problemáticas de xeito creativo e orixinal, mellorando a súa autonomía e favorecendo a comprensión do erro como parte da aprendizaxe.
- A sensibilidade cara ao medio ambiente, fomentando o coidado e a mellora da contorna mediante a integración de hábitos de vida sans e sostibles.
- O achegamento á contorna próxima fomentando a súa exploración activa, o seu coñecemento, gozo e respecto, así como o descubrimento da contorna máis afastada a través das experiencias vividas e dos medios tecnolóxicos e analóxicos.

- A posta á disposición do alumnado de materiais adaptados ás súas características. Estará presente na aula unha oferta ampla de materiais de diferente tipo.
- O achegamento do alumnado ao coñecemento dos elementos identitarios da cultura propia e tamén doutras.

8. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Atender a diversidade significa partir das diferenzas do grupo clase e saber aproveitalas para o crecemento individual e colectivo do alumnado, polo tanto podemos definir a diversidade como as medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar as propostas educativas as diferentes características do propio alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade e guiándose polos principios de inclusión e normalización. Polo tanto, educar na diversidade supón pensar nunha escola de todas as persoas e para todas as persoas tal e como afirmaba Tolstoi.

Na atención daquel alumnado con NEAE poden establecerse diferentes vías de apoio dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, poñendo énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por:

- Necesidades educativas especiais.
- Dificultades específicas da aprendizaxe.
- Polas súas altas capacidades intelectuais.
- Por incorporarse tardiamente ao sistema educativo.
- Por condicións persoais ou de historia familiar.
- Trastorno de déficit de atención e hiperactividade.

Implementaranse atencións educativas específicas derivadas da discapacidade ou trastornos graves da conduta, e medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu adecuado progreso dentro dos principios de inclusión e normalidade.

Existirá unha estreita colaboración entre o equipo do centro en coordinación co equipo de Atención Educativa e os equipos de Atención Temperá da administración sanitaria, así como nos casos de posible flexibilización cos equipos de Orientación Específica da Consellería competente en materia de educación.

9. AVALIACIÓN

Entendida como o “instrumento regulador, orientador e autocorrector, co que se pretende acadar información sobre as capacidades enunciadas nos obxectivos, así como identificar os aprendizaxes adquiridos”.

A avaliación nesta etapa educativa debe ser global, continua e formativa, resultando ser a observación directa e sistemática a principal técnica do proceso avaliador.

Non só debe ser obxecto de avaliación o desenvolvemento das capacidades, senón todo o proceso de ensino-aprendizaxe, considerando, polo tanto, aspectos como as interaccións entre as persoas implicadas no proceso educativo, as condicións organizativas e recursos dispoñibles e a adecuación da programación. Así, pois, todos estes aspectos teranse en conta na avaliación.

Nesta etapa a avaliación estará orientada a identificar as condicións iniciais individuais e o ritmo e as características da evolución de cada nena ou neno. Para estes efectos, tomaranse como referencia os criterios de avaliación establecidos para cada ciclo en cada unha das áreas. Están definidos como “referentes que indican os niveis de desempeño esperados no alumnado nas situacións ou actividades ás que se refiren os obxectivos de cada área nun momento determinado do seu proceso de aprendizaxe”. Cobra especial importancia a avaliación inicial, xa que desde un punto de vista pedagóxico, o coñecemento previo do educando constitúe o punto de arranque de toda actividade educativa.

Debemos lembrar que esta programación dirixese a crianzas de 3 meses a 3 anos, que, polo tanto, con toda seguridade sexa a primeira vez que se escolarizan nun centro. É preciso realizarlles, pois, unha avaliación inicial na que se terán en conta os datos que se recollerán nunha entrevista individual ca familia, así como a través da observación directa do neno ou nena durante as primeiras semanas da súa escolaridade, é dicir, durante o período de adaptación.

Así mesmo, iráselle proporcionando ós pais e nais a diario información sobre os progresos e dificultades no proceso educativo. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos serán os criterios de avaliación.

10. ACTIVIDADES

A programación de actividades de maneira diaria desenvólvese a través de rutinas, é dicir, actividades que se repiten tódolos días na mesma orde e no mesmo momento. Estas, ademais de favorecer a autonomía individual proporciona seguridade e axuda a adquirir as primeiras nocións espazo-temporais.

No que respecta a organización do tempo dentro aula destacamos 3 aspectos importantes:

- Actividades relacionadas co descanso, a hixiene persoal e a alimentación: son a base da programación deste primeiro ciclo da educación infantil, e distinguimos entre outras: lavado de mans, cambios de cueiros, tempo de beber, merendas , comida e a sesta.
- Actividades do xogo libre: o xogo libre a estas idades é un aspecto moi importante, xa que é neste momento onde se dan as maiores interaccións entre iguais. Así destacamos tamén a importancia deste tempo para a libre exploración, o descubrimento....
- Actividades dirixidas: enmarcamos neste apartado as actividades que se recollerán posteriormente en cada unha das unidades didácticas para este curso..

As unidades didácticas a levar a cabo ó longo do curso serán un total de 12, unha por cada mes do ano.

Diferenciamos dentro desta programación as unidades didácticas especialmente pensadas para nenos e nenas de 0 a 1 anos, mentras que os nenos de 1 a 3 anos, a pesar de atoparse en diferente aula, levarán a cabo unha programación conxunta, adaptando a dificultade das actividades ao grupo de idade. Aquelas actividades de exploración (tamén denominadas instalacións) que adentramos dentro de cada unha das unidades didácticas de 1 a 3 tamén poderán ser levadas a cabo polo grupo de idade 0 a 1.

11. DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

- Unidades didácticas de nenos e nenas de 0 a 1 ano: durante todo o curso escolar as actividades pensadas para este grupo de idade rondarán a partir do cesto dos tesouros/ xogo heurístico e das instalacións quincenais.
 - **O cesto dos tesouros/xogo heurístico**: trátase dunha adaptación do cesto dos tesouros/ xogo heurístico. Cambiaranse os materiais mensualmente. Empregaremos o cesto dos tesouros 2 veces por semana.

Os principais obxectivos a desenvolver con estas actividades serán os relacionados coa área de descubrimento e exploración do contorno, pero dado a globalidade desta etapa si

acadaremos obxectivos das outras dúas áreas. Destacar tamén que a segunda e a primeira área se desenvolverá sobre todo nas actividades rutinarias relacionadas coas necesidades básicas, onde se fomentará a autonomía dende idades ben temperás, a alimentación saudable, unha axeitada hixiene, a relación cos adultos, a comunicación xestual...

Os materiais empregados por mes son os seguintes:

1. Setembro: materiais aportados polas familias, que sexan familiares para os nenos e que lle sirvan como obxectos de apego para este primeiro mes no centro. Estes materiais deberán cumprir coas normas establecidas no decreto 329/2005 do 28 de xullo (lavables, atóxicos, atraumáticos ...) o persoal da escola ao igual que con todo o material encargarse de analizar todos os obxectos traídos da casa.
 2. Outubro: botellas sensorias
 3. Novembro: axóuxeres
 4. Decembro: instrumentos musicais de pequeno tamaño
 5. Xaneiro: materiais Montessori
 6. Febreiro: botes diferentes tamaños e materias
 7. Marzo: elementos de cociña
 8. Abril: elementos do contorno
 9. Mai: quebracabezas
 10. Xuño: materiais de refugallo
 11. Xullo: pelotas sensoriais
 12. Agosto: luces e sombras
- **Instalacións quincenais:** (explicadas nas unidades didácticas do outro grupo de idade).

UNIDADE DIDÁCTICA 1: “Xoguetes de apego”

Esta unidade didáctica porase en práctica do día 7 ó 30 de setembro, coincidindo co período de adaptación.

Obxectivos didácticos:

- Establecer un vínculo de confianza co persoal docente e os compañeiros e compañeiras.
- Aprender a relacionarse entre iguais

Contidos:

- Interacción co persoal docente e alumnado en actividades espontáneas e dirixidas.
- A relación entre iguais

Elementos transversais :

- Educación emocional
- Educación psicomotriz

Actividades:

- Cesto dos tesouros: xoguetes de apego de cada neno ou nena aportados polas familias.

Criterios de avaliación:

- Identifica o seu nome, o dos seus compañeiros/as e o das mestras.
- É quen de relacionarse cos seus compañeiros

UNIDADE DIDÁCTICA 2: “Botellas sensoriais”

Esta unidade didáctica porase en práctica durante o mes de outubro

Obxectivos didácticos:

- Estimular os sentidos propioceptivos, exteroceptivos e interoceptivos
- Estimular a atención, observación, seguimento dos obxectos...

Contidos:

- Estimulación dos sentidos
- Estimulación da atención, observación, seguimento dos obxectos...

Elementos transversais :

- Educación emocional
- Educación psicomotriz

Actividades:

- Cesto dos tesouros: botellas sensoriais de elaboración caseira
- Instalación: exploración dos elementos do contorno

Criterios de avaliación:

- É quen de seguir os obxectos que hai dentro das botellas.
- Observa con curiosidade os obxectos.

UNIDADE DIDÁCTICA 3: “Axóuxeres”

Esta unidade didáctica porase en práctica durante o mes de novembro

Obxectivos didácticos:

- Aplicar a coordinación óculo manual
- Fortalecer os músculos das mans

Contidos:

- Aplicación da coordinación óculo manual
- Fortalecemento dos músculos das mans

Elementos transversais :

- Educación emocional
- Educación psicomotriz

Actividades:

- Cesto dos tesouros: axóuxeres de diferentes formas, tamaños e materiais
- Instalación: bechos xelatinosos

Criterios de avaliación:

- Aplica a coordinación óculo manual
- Emprega o seu corpo, principalmente as mans para tocar e manipular obxectos

UNIDADE DIDÁCTICA 4: “Instrumentos musicais de pequeno tamaño”

Esta unidade didáctica porase en práctica durante o mes de decembro

Obxectivos didácticos:

- Potenciar a audición
- Fomentar a creatividade e a imaxinación

Contidos:

- Potenciación da audición
- Fomento da creatividade e da imaxinación

Elementos transversais :

- Educación emocional
- Educación psicomotriz

Actividades:

- Cesto dos tesouros: instrumentos musicais de fabricación caseira ou do mercado.
- Instalación: elementos característicos do nadal.

Criterios de avaliación:

- É quen de discriminar diferentes sons
- Dálle diferentes usos aos obxectos

UNIDADE DIDÁCTICA 5: “Materiais Montessori”

Esta unidade didáctica porase en práctica durante o mes de xaneiro

Obxectivos didácticos:

- Espertar a curiosidade polo mundo que nos rodea.
- Potencia a capacidade de concentración, a coordinación, a manipulación e o agarre

Contidos:

- Interese polo mundo que nos rodea
- Potenciación da capacidade de concentración, coordinación, manipulación e o agarre

Elementos transversais :

- Educación emocional
- Educación psicomotriz

Actividades:

- Cesto dos tesouros: elementos materiais relacionados coa pedagogía Montessori (madeira, cotiás...)
- Instalación: coñecemos o frío

Criterios de avaliación:

- Mostra interese por relacionarse con obxectos que nos rodean
- É quen de concentrarse nunha actividade
- Coordina movementos
- Goza coa manipulación de obxectos

UNIDADE DIDÁCTICA 6: “Botes diferentes tamaños e materias”

Esta unidade didáctica porase en práctica durante o mes de febreiro

Obxectivos didácticos:

- Diferenciar diferentes texturas, pesos, formas ou temperatura...
- Explorar libremente os materiais e achegarse ás súas características

Contidos:

- Discriminación de diferentes texturas, pesos, formas....
- Exploración libre dos materiais
- Identificación das principais características dos seus atributos

Elementos transversais :

- Educación emocional
- Educación psicomotriz

Actividades:

- Cesto dos tesouros: elementos materiais relacionados cos materiais de refugallo (botes de diferentes tamaños, formas, materiais...
- Instalación: elementos do entroido

Criterios de avaliación:

- Discrimina obxectos polo súa aparencia
- Discrimina diferentes texturas a través dos sentidos
- Goza coa exploración dos obxectos
- Identifica as principais características e atributos dos obxectos

UNIDADE DIDÁCTICA 7: “Utensilios de cociña”

Esta unidade didáctica porase en práctica durante o mes de marzo.

Obxectivos didácticos:

- Achegarse ás actividades do día a día.
- Adquirir progresivamente seguridade afectiva e emocional.

Contidos:

- Achegamentos ás actividades do día a día.
- Adquisición progresiva da seguridade afectiva e emocional.

Elementos transversais :

- Educación emocional
- Educación psicomotriz

Actividades:

- Cesto dos tesouros: elementos materiais relacionados cos utensilios de cociña (cubertos, coador, espátulas...)
- Instalación: elementos da primavera e experimentación con flores en xeos

Criterios de avaliación:

- É quen de relacionar os elementos do cesto dos tesouros cos do día a día.
- Atópase arroupado coa presenza dos adultos.
- Atópase arroupado coa presenza dos seus compañeiros.

UNIDADE DIDÁCTICA 8: “Elementos do contorno”

Esta unidade didáctica porase en práctica durante o mes de abril.

Obxectivos didácticos:

- Observar e manipular con curiosidade elementos do contorno próximo.
- Descubrir vocabulario propio das linguas cooficiais a partir de elementos cercanos.

Contidos:

- Observación e manipulación dos elementos do contorno.
- Mostra de curiosidade polo mundo que nos rodea.
- Vocabulario: elementos do contorno próximo.

Elementos transversais :

- Educación ambiental.
- Educación psicomotriz.

Actividades:

- Cesto dos tesouros: elementos materiais relacionados cos contorno próximo.
- Instalación: instalación con vasos e verduras.

Criterios de avaliación:

- Observa e manipula con curiosidade elementos do contorno.
- Comprende vocabulario de materiais próximos.
- Mostra interese por descubrir vocabulario.

UNIDADE DIDÁCTICA 9: “Quebracabezas”

Esta unidade didáctica porase en práctica durante o mes de maio.

Obxectivos didácticos:

- Desenvolver destrezas lóxico matemáticas sinxelas.
- Iniciarse na resolución pacífica de conflitos.

Contidos:

- Desenvolvemento de destrezas lóxico matemáticas sinxelas.
- a resolución pacífica de conflitos.

Elementos transversais :

- Educación emocional
- Educación psicomotriz

Actividades:

- Cesto dos tesouros: elementos materiais relacionados con quebracabezas.
- Instalación: o arco iris con diferentes materiais.

Criterios de avaliación:

- Goza coa elaboración de quebracabezas sinxelos.
- É quen de solucionar pequenos conflitos de maneira pacífica.

UNIDADE DIDÁCTICA 10: “Materiais de refugallo”

Esta unidade didáctica porase en práctica durante o mes de xuño.

Obxectivos didácticos:

- Adquirir hábitos relacionados coa orde.
- Descubrir e crear cada vez unha idea máis complexa do mundo.

Contidos:

- Adquisición de hábitos relacionados coa orde.
- Descubrimento do mundo que nos rodea.
- As características do contorno.

Elementos transversais :

- Educación emocional
- Educación psicomotriz

Actividades:

- Cesto dos tesouros: elementos materiais relacionados con materiais de refugallo.
- Instalación: materiais reciclados.

Criterios de avaliación:

- Axuda a recoller os materiais empregados.
- Goza descubrindo novos materiais.
- Analiza as características dos obxectos seleccionados.

UNIDADE DIDÁCTICA 11: “Pelotas sensoriais”

Esta unidade didáctica porase en práctica durante o mes de xullo.

Obxectivos didácticos:

- Adquirir progresivamente equilibrio estático e dinámico.
- Iniciarse na toma de conciencia das características persoais, identificando as súas potencialidades.

Contidos:

- Adquisición progresiva do equilibrio estático.
- Adquisición progresiva do equilibrio dinámico.
- Toma de conciencia das características persoais.
- Identificación das propias potencialidades.

Elementos transversais :

- Educación emocional
- Educación psicomotriz

Actividades:

- Cesto dos tesouros: elementos materiais relacionados coas pelotas sensoriais.
- Instalación: minimundos, animais de auga.

Criterios de avaliación:

- Controla cada vez con máis facilidade o equilibrio estático.
- Controla cada vez con máis facilidade o equilibrio dinámico.
- Toma conciencia das súas características persoais.
- Identifica o que pode e non pode facer.

UNIDADE DIDÁCTICA 12: “Luces e sombras”

Esta unidade didáctica porase en práctica durante o mes de agosto.

Obxectivos didácticos:

- Responder de forma creativa ás situacións e retos que se presentan.
- Superar os medos ás sombras e a a escuridade a través da súa comprensión.

Contidos:

- Resposta creativa ás situacións e retos que se presentan.
- Superación dos medos á escuridade.
- Superación dos medos ás sombras.

Elementos transversais :

- Educación emocional
- Educación psicomotriz

Actividades:

- Cesto dos tesouros: elementos materiais con luces e sombras
- Instalación: trasvases

Criterios de avaliación:

- É quen de buscar solución a posibles problemas que se presentan no día a día.
- Goza con actividades na escuridade.
- Goza coas actividades de sombras.
- Busca axuda cando sente medo.

- **Unidades didácticas de nenos e nenas de 1 a 3 anos:** a fórmula de traballo empregada na aula serán os centros de interese. Cada mes un conto será o encargado de adentrarnos nos contidos a traballar.

A continuación expoño o título e centro de interese que se traballará en cada unidade didáctica:

1. Setembro: “Nacho va al colegio”. Primeiros días na escola
2. Outubro: “onde estás caracol”. O outono
3. Novembro: “Carabuñas”. O samaín
4. Decembro: “Olivia recibe la navidad” O nadal
5. Xaneiro: “Un copo de nieve en el bolsillo”. O inverno
6. Febreiro: “Las gafas de sentir”. As emocións
7. Marzo: “A viaxe das bolboretas”. A primavera
8. Abril: “A horta de simón”. A agricultura
9. Mai: “Elmer”. As cores
10. Xuño: “El libro de los culitos”. Hixiene e saúde
11. Xullo: “El cocodrilo al que no le gustaba el agua”. O verán
12. Agosto: “Ata loguiño”. Despedida

UNIDADE DIDÁCTICA 1: “Primeiros días na escola .”

Esta unidade didáctica porase en práctica do día 7 ó 30 de setembro, coincidindo co período de adaptación, sendo a súa finalidade achegar ás crianzas á realidade escolar. Como fío condutor escollemos o conto **Nacho va al colegio**.

Obxectivos didácticos:

- Establecer un vínculo de confianza co persoal docente e os compañeiros e compañeiras.
- Identificar o propio nome, dos seus compañeiros e compañeiras e do persoal do centro.
- Coñecer e explorar os espazos e obxectos de uso cotiá na escola.
- Adquirir unha conduta autónoma na realización de rutinas escolares diarias.
- Coñecer e achegarse ás normas e hábitos esenciais do ámbito escolar.
- Expresar oral e corporalmente desexos, necesidades, sentimentos e inquietudes.

Contidos:

- Interacción co persoal docente e alumnado en actividades espontáneas e dirixidas.
- Identificación do propio nome, do alumnado e do persoal do centro.
- Os espazos do centro.
- Os materiais do centro.
- Adquisición dunha conduta autónoma no que a realización de rutinas diarias do centro se refire.
- Achegamento ás normas que rexen o ámbito escolar.
- Expresión oral e corporalmente desexos, necesidades, sentimentos...

Elementos transversais :

- Educación emocional (Mar Romera Morón).

Actividades:

- Xogo libre para coñecer o material da escola.
- Pintamos o personaxe principal do conto: Nacho
- Lectura individual de contos nas mesas.
- Asamblea:
 - o Quen veu e quen non veu ao cole.

- Cancións
- Contacontos.
- Libre expresión de sucesos que queiran contar os nenos aos seus compañeiros e ao mestre.

Criterios de avaliación:

- Identifica o seu nome, o dos seus compañeiros/as e o das mestras.
- Relaciona os espazos da aula con determinadas actividades.
- Recoñece as rutinas diarias: hora de xogo libre, de aseo, de beber, de comer...
- Trata de realizar autonomamente as rutinas da aula.
- Manifesta interese por comunicarse cos compañeiros e compañeiras e educadoras verbal e corporalmente.
- Respecta as normas establecidas na aula.

UNIDADE DIDÁCTICA 2: “ Onde estás caracol”.

Esta unidade didáctica porase en práctica do día 1 ó 31 de outubro, tendo como centro de interese o outono. Partiremos do conto **Onde estás caracol**.

Obxectivos didácticos:

- Achegarse ao contorno máis próximo a través de elementos propios do outono.
- Potenciar destrezas e habilidades de libre manipulación de diferentes materiais relacionados co outono.
- Recoñecer os personaxes principais do conto gozar coa lectura do mesmo.
- Identificar as producións plásticas como recurso para expresión.
- Clasificar obxectos en función do seu tamaño.
- Identificar os principais elementos propios da vendima.

Contidos:

- Achegamento ao contorno máis próximo a través de elementos propios do outono.
- Potenciación de habilidades de libre manipulación.
- Potenciación da creatividade.
- Recoñecemento dos personaxes principais do conto.
- Goce coa lectura de contos.
- Clasificación de obxectos en función do seu tamaño.
- Coñecemento e identificación de costumes e tradicións propias da cultura galega: a celebración da vendima
- Identificación das producións plásticas como recurso de expresión.

Elementos transversais:

- Educación ambiental.

Actividades:

- Manualidade dun caracol.
- Pintamos a lagartixa.
- Clasificamos por tamaños elementos do outono.
- Logo de visualizar láminas do outono pintamos con pintura de dedos un “monte do outono”.

Instalacións do mes: exploración con elementos do contorno.

Criterios de avaliación:

- Identifica as principais características do outono.
- Manipula libremente diferentes obxectos relacionados co outono.
- Atende con entusiasmo na lectura de contos.
- Recoñece os principais personaxes do conto.
- Clasifica obxectos en función do seu tamaño: grande e pequeno.
- Coñece e identifica os principais elementos da vendima

UNIDADE DIDÁCTICA 3: “Carabuñas”.

Esta unidade didáctica porase en práctica do día 2 ó 30 de novembro, tempada na que se celebra o festexo cultural do Samaín. Partiremos do conto **Carabuñas**.

Obxectivos didácticos:

- Identificar os principais elementos característicos do Samaín: as cabazas.
- Coñecer e ser quen de controlar os sentimentos e emocións: o medo.
- Distinguir as principais cores predominantes no Samaín: laranxa e negro.
- Adquirir progresivamente equilibrio dinámico a partir do baile.
- Discriminar formas xeométricas: o círculo.
- Mostrar interese pola música e gozar coa mesma.
- Comprender o argumento do conto Carabuñas.

Contidos:

- Identificación dos principais elementos característicos do Samaín: as cabazas.
- Coñecemento e control de sentimentos e emocións: o medo.
- As cores: laranxa e negro.
- Adquisición progresiva do equilibrio dinámico a través dos bailes.
- As formas xeométricas: o círculo.
- Mostra de interese pola música.
- Goce coa música.
- Comprensión do argumento do conto Carabuñas: os principais personaxes do conto.

Elementos transversais:

- Educación para o ocio e o tempo libre.

Actividades:

- Decoración da aula: pintamos cabazas en cartolina e facemos guirnaldas.
- Decoración da aula: facemos pantasma con LA para a decoración da entrada.
- Escoitamos a canción “Los esqueletos” e bailamos na aula.
- Decoración de cabazas para logo expoñelas.
- Pintamos os personaxes do conto de Carabuñas.

Instalación/proposta central do mes: “Bechos xelatinosos”.

Criterios de avaliación:

- Identifica os principais elementos característicos do Samaín: as cabazas.
- Coñece e é quen de controlar os sentimentos e emocións: o medo.
- Distingue as principais cores predominantes no Samaín: laranxa e negro.
- Progresa no equilibrio dinámico.
- Discrimina formas xeométricas: o círculo.
- Mostra interese pola música e goza coa mesma.
- Comprende o argumento do conto Carabuñas.
- Distingue os principais personaxes do conto Carabuñas

Conmemoración: Día Internacional Contra a Violencia de Xénero: mural da non violencia.

UNIDADE DIDÁCTICA 4: “Olivia recibe la navidad”

Esta unidade didáctica porase en práctica do día 1 ó 30 de Decembro e do 1 ao 7 de xaneiro, tendo como centro de interese o nadal e as súas costumes culturais non relixiosas. Partiremos do conto “**Olivia recibe la navidad**”.

Obxectivos didácticos:

- Recoñecer elementos, acontecementos, personaxes e actividades do Nadal.
- Explorar libremente elementos característicos do Nadal.
- Identificar e adoptar comportamentos socialmente axeitados.
- Empregar os debuxos para evocar desexos.
- Sentir a música como medio de expresión e manifestación cultural.
- Distinguir as principais cores predominantes no Nadal: vermello e verde.

Contidos:

- Elementos, acontecementos, personaxes e actividades do Nadal.
- Tradicións culturais autóctonas relacionadas co Nadal.
- Curiosidade por coñecer aspectos propios do Nadal.
- Exploración libre de elementos característicos do Nadal.
- Identificación e adopción de comportamentos socialmente axeitados.
- Emprego dos debuxos para evocar desexos.
- A música como medio de expresión cultural.
- As cores: vermello e verde.

Elementos transversais:

- Educación para o consumo.

Actividades:

- Decoración da aula con elementos característicos do Nadal.
- Facemos a decoración para a nosa árbore do Nadal.
- Escoitamos panxoliñas e bailamos.
- Elaboramos unha postal para felicitar o Nadal ós nosos familiares.
- Manualidade estra con dactiloxía.

- Manualidade da coroa dos reis.
- Instalación/proposta central do mes: elementos característicos do Nadal.

Criterios de avaliación:

- Recoñece elementos, acontecementos, personaxes e actividades do Nadal.
- Explora os elementos característicos do Nadal libremente e dalle diferentes usos.
- Mostra interese polas tradicións culturais españolas relacionadas co Nadal.
- Identifica e adopta comportamentos socialmente axeitados.
- Emprega os debuxos para evocar desexos.
- Sinte a música como medio de expresión e manifestación cultural.
- Recoñece e distingue as cores vermella e verde.

UNIDADE DIDÁCTICA 5: “Un copo de nieve en el bolsillo”

Esta unidade didáctica porase en práctica do día 9 ó 31 de Xaneiro, tendo como centro de interese o inverno, e empregando como fío condutor o conto de **Un copo de nieve en el bolsillo**.

Obxectivos didácticos:

- Recoñece acontecementos, elementos e características propias do inverno.
- Discriminar as sensacións producidas polo frío e a calor.
- Expresar aspectos do inverno (os esquimós) a través de diferentes técnicas plásticas e distintos materiais.

- Participar na entoación e baile de cancións propias do inverno.
- Discriminar as prendas de roupa que se empregan no inverno.
- Identificar os cambios producidos no medio como consecuencia do cambio de estación.

Contidos:

- Recoñecemento de acontecementos, elementos e características propias do inverno.
- Discriminación das sensacións producidas polo frío e a calor.
- Emprego de técnicas plásticas para expresar elementos típicos do inverno (os esquimós).
- Goce co baile e o canto.
- Discriminación das prendas de roupa propias do inverno.
- Identificación dos cambios producidos no medio como consecuencia do cambio de estación.

Elementos transversais:

- Non violencia e a paz.

Actividades:

- Decoración da cristaleira con elementos do inverno (roupa de inverno, oso polar con algodón...).
- Facemos iglús e debatemos sobre a súa utilidade na assemblea.
- Aprendemos e bailamos a canción dos esquimós.
- Facemos o noso esquimó (cada neno elabora un esquimó coa súa cara).
- Pintamos ao personaxe principal do conto (Malina pies fríos) libremente.
- Manualidade dunha cana de pescar con peixes imantados.
- Pintamos un gran oso polar entre todos.

- Instalación/proposta central do mes: coñecemos o frío.

Criterios de avaliación:

- Recoñece acontecementos, elementos e características propias do inverno.
- Discrimina as sensacións producidas polo frío e a calor.
- Expresa axeitadamente aspectos do inverno a través de diferentes técnicas plásticas.
- Participa e goza coa entoación e baile de cancións propias do inverno.
- Identifica os iglús como un tipo de vivenda propias dos esquimós.
- Identifica as prendas de roupa que se empregan no inverno.
- Identifica os cambios producidos no medio como consecuencia do cambio de estación.

Conmemoración:

- Día escolar da non violencia e a paz. Coroas das pombas.

UNIDADE DIDÁCTICA 6: “Las gafas de sentir”

Esta unidade didáctica porase en práctica do día 1 ao 28 de febreiro, onde nos achegaremos ás emocións a partir do conto “ Las gafas de sentir”.

Obxectivos didácticos:

- Comprender os diferentes puntos de vista dunha situación.
- Identificar as principais emocións do conto.
- Participar activamente no festexo do Entroido.
- Gozar coa elaboración dos disfraces de Carnavais.
- Manifestar unha conduta solidaria e de compañeirismo.
- Progresar no desenvolvemento da psicomotricidade fina a partir da elaboración do disfraz.

Contidos:

- Comprensión de diferentes puntos de vista dunha situación.
- Identificación das principais emocións: alegría, tristeza, medo, enfado....
- Participación activa no festexo do Entroido.
- Goce coa elaboración do disfraz de Carnaval.
- Goce coa elaboración de máscaras de Carnaval.
- Mostra de solidariedade cos demais compañeiros e compañeiras.
- Mostra de axuda e compañeirismo.
- Progreso da psicomotricidade fina.

Elementos transversais:

- Educación para o ocio e o tempo libre.

Actividades:

• Elaboramos o disfraz do Entroido: as emocións en emojis, esta actividade levarase a cabo en varias sesións

- Pintamos o personaxe do conto.
- Pintamos máscaras para decorar a aula.
- Facemos unha manualidade das gafas de sentir.
- Instalación/proposta central do mes: complementos do Entroido.

Criterios de avaliación:

- Comprende que unha situación pode ter diferentes puntos de vista.
- Respecta os puntos de vista dos seus compañeiros.
- Identifica as principais emocións que se viven no conto.
- É quen de plasmar as emocións do conto e identificalas no día a día.
- Participa activamente na festa do Entroido.
- Goza coa elaboración dos disfraces de Carnavais.
- Goza coa elaboración de máscaras de Carnavais.
- Manifesta unha conduta solidaria e axuda ós compañeiros e ás compañeiras.
- Mostra evolución na psicomotricidade fina.

UNIDADE DIDÁCTICA 7 “A viaxe das bolboretas”

Esta unidade didáctica porase en práctica do día 1 ó 30 de marzo e xira en torno ó centro de interese a primavera. O fío condutor desta unidade didáctica será o conto da “A viaxe das bolboretas”

Obxectivos didácticos:

- Identificar os elementos característicos da primavera.
- Descubrir as características das froitas da primavera.
- Ampliar vocabulario relacionado coas froitas.
- Descubrir e coñecer diferentes tipos de flores.
- Discriminar diferentes froitas propias da primavera.
- Estimular o sentido do gusto.
- Empregar de diferentes técnicas plásticas: estampado.

Contidos:

- Identificación dos elementos característicos da primavera.
- Descubrimento das características das froitas da primavera.
- Ampliación de vocabulario: as froitas.
- Descubrimento dos diferentes tipos de flores.
- Discriminación de diferentes froitas propias da primavera.
- Estimulación do sentido do gusto.
- Emprego do estampado como técnica plástica.

Elementos transversais:

- Educación medioambiental

Actividades:

- Facemos unha manualidade dunha xoaniña e de unha bolboreta con pratos.
- Degustamos diferentes froitas da primavera.
- Facemos selos con froitas.
- Levamos a cabo un taller de flores conxeladas.
- Instalación/Actividade central do mes: elementos da primavera

Criterios de avaliación:

- Identifica os elementos característicos da primavera.
- Recoñece e discrimina as froitas doutros obxectos.
- Recoñece e discrimina as flores.
- Entende que as flores precisan duns certos cuidados.
- Diferencia os diferentes sabores das froitas.
- É quen de explicar que froita lle gusta e cal non.
- É quen de facer selos coas froitas.

Conmemoración:

- Día Internacional da Muller: traemos ao cole foto da muller máis importante na nosa vida e falámoslle ós demais de quen é.

UNIDADE DIDÁCTICA 8: “ A horta de Simón”

Esta unidade didáctica porase en práctica do día 1 ó 30 de abril. O contido principal a traballar será a agricultura. Partiremos do conto **A horta de Simón**.

Obxectivos didácticos:

- Coñecer e identificar as principais verduras.
- Recoñecer os pasos a seguir na plantación de fresas
- Empregar diferentes formatos de pintura: ceras, rotuladores, pintura de dedos...
- Adquirir progresivamente hábitos saudables relacionados coa alimentación.
- Potenciar o xogo simbólico a través de obxectos do contorno.
- Potenciar a manipulación de obxectos do contorno

Contidos:

- Identificación das verduras do conto.
- Secuenciación a seguir na plantación de fresas
- Pintura con diferentes materiais...
- Adquisición progresiva de hábitos saudables relacionados coa alimentación.
- potenciación do xogo simbólico e do achegamento aos obxectos do contorno.

Elementos transversais:

- Educación para a saúde.

Actividades:

- Vemos imaxes dos produtos que plantan e escollemos o que máis nos gusta para colorear.
- Coloreamos o personaxe do conto
- Experimentamos coas verduras do conto
- Facemos a nosa plantación: fresas
- Instalación/proposta central do mes: instalación con vasos e verduras

Criterios de avaliación:

- Identifica as principais verduras.
- Entende os pasos a seguir na plantación de fresas.

- Goza coa plantación de fresas.
- Emprega diferentes técnicas plásticas para pintar: ceras, rotuladores, pintura de dedos,

estampado...

- Goza probando os alimentos.
- Goza manipulando obxectos do contorno.

Conmemoración:

- Día do libro: pedimos colaboración das familias para que nos veñan leer un conto ao cole.

UNIDADE DIDÁCTICA 9: “Elmer”

Esta unidade didáctica porase en práctica do día 1 ó 31 de maio. Partiremos do conto “ **Elmer**” para traballar as cores.

Obxectivos didácticos:

- Coñecer as rutinas polas que pasa o personaxe do conto.
- Asociar as cores de Elmer aos elementos da aula.
- Recoñecer as siluetas dos animais.
- Desenvolver as habilidades creativas a través das luces e sombras.
- Achegarse ás cores primarias a partir das luces e ver como se forman as cores secundarias.
- Achegarse á cultura musical.
- Traballar a escoita activa.

Contidos:

- As rutinas do personaxe do conto no día a día.
- As cores.
- Recoñecemento das siluetas dos animais.
- Desenvolvemento das habilidades creativas a través de actividades de luces e sombras.
- As cores primarias e a formación das cores secundarias.
- Achegamento á cultura musical.
- A escoita activa

Elementos transversais :

- Educación para o ocio e o tempo libre

Actividades:

- Elaboramos a elmer con anacos de la.
- Facemos un taller de luces e sombras coas siluetas de animais.
- Cantamos cancións relacionadas cos elefantes.
- Coloreamos entre todos un Elmer xigante.
- Buscamos pola aula elementos das cores de Elmer.
- Instalación/proposta central do mes: o arcoiris con diferentes materiais.

Criterios de avaliación:

- Identifica as principais rutinas no día a día de Elmer.
- Recoñece as cores.
- Recoñece as siluetas dos animais traballados.
- Emprega as lanternas creativamente.
- Entende que as cores secundarias son a mestura de cores primarias.

Conmemoracións:

- Día da familia: traemos unha foto ao cole da nosa familia e logo coloreámola
- Día das Letras Galegas: traballamos con cancións propias galegas: muiñeiras... canta autores

galegos....

UNIDADE DIDÁCTICA 10: “EL LIBRO DE LOS CULITOS”

Esta unidade didáctica porase en práctica do día 1 ó 30 de Xuño e estará relacionada principalmente cos hábitos e rutinas de hixiene e saúde. Como conto principal traballaremos a **El libro de los culitos**.

Obxectivos didácticos:

- Usar correctamente os materiais específicos para a hixiene (toalliñas, servilletas para o secado de mans...)
- Entender a importancia dunha correcta hixiene.
- Manifestar interese por comunicar as súas sensacións, emocións e opinións.
- Tomar conciencia do propio corpo global e segmentariamente.
- Iniciarse na reciclaxe diaria.
- Fomentar a importancia do coidado do contorno próximo.

Contidos:

- Uso correcto dos materiais específicos para a hixiene.
- A hixiene na vida diaria.
- Interese pola comunicación de sensacións, emocións e opinións.
- Toma de conciencia do propio corpo global e segmentariamente.
- Iniciación na reciclaxe diaria.
- Fomento da importancia do coidado do contorno próximo.

Elementos transversais :

- Educación ambiental.

Actividades:

- Esmigallamos e vemos o que ten un pañal dentro
- Pintamos os personaxes principais do conto
- Xogamos con bonecas e aprendemos a poñer e quitar cueiros, lavarlle a cara, as mans, peiteala....
- Pintamos braguiñas e calzóns.
- Facemos un boneco grande estilo “mariquiña” para vestir.
- Instalación/Actividade central do mes: instalación con material reciclado

Criterios de avaliación:

- Emprega axeitadamente os elementos da aula relacionados coa hixiene.
- Toma conciencia do seu corpo, global e segmentariamente.
- Cumpre as normas de comportamento impostas para as saídas.
- Diferenza os principais contedores e que elemento vai en cada un deles.
- Entende a importancia da reciclaxe a súa relación co coidado do contorno.

Conmemoración:

- Día do medio ambiente: Manualidade con materiais de refugallo.

Esta unidade didáctica porase en práctica do día 1 ó 30 de xullo, con esta unidade achegarémonos ao centro de interese o verán a través do conto de **El cocodrilo al que no le gustaba el agua**.

Obxectivos didácticos:

- Identificar as principais características da estación do verán.
- Observar o tempo atmosférico e a súa influencia nos elementos do contorno: o verán.
- Localizar a auga na natureza e valorar o uso que o ser humano fai dela.
- Identificar os animais do mar e o lugar onde viven.
- Participar activamente na interpretación de cancións.
- Descubrir as diferenzas individuais e entender que non todos somos iguais.

Contidos:

- O verán como estación do ano.
- Comparación das características do verán coas outras estacións do ano.
- A auga e a súa importancia para os seres humanos.
- O emprego sostible da auga.
- Identificación dos animais do mar.
- A interpretación de cancións.
- Descubrimento das diferenzas individuais.

Elementos transversais :

- Educación para o ocio e o tempo libre

Actividades:

- Pintamos ao cocodrilo con xeo de cores.
- Cantamos cancións relacionadas con cocodrilos e o verán.
- Xogamos coa auga: trasvases
- Facemos pompas de xabón de diferentes tamaños
- Festa da auga
- Instalación: minimundos: animais de auga

Criterios de avaliación:

- Identifica as principais características do verán.

- Diferencias as características do verán das outras estacións.
- Entende a importancia do consumo sostible da auga.
- Identifica os animais do mar.
- Participa activamente na interpretación de cancións.
- Entende a importancia das diferenzas individuais.
- Entende que non todos somos iguais.

UNIDADE DIDÁCTICA 12: “Adeus adeus”

Esta unidade didáctica porase en práctica do día 1 ó 31 de agosto, sendo o último mes do curso 2021-2022.

As crianzas de 3 anos incorpóranse ao 2º ciclo da educación infantil e festexarémolo como merecen. O conto central do mes será **Polo camiño (adaptación)**.

Obxectivos didácticos:

- Potenciar as relacións de amizade e compañeirismo.
- Desenvolver actitudes de pertenza a un grupo.
- Valorar a lingua oral como instrumento de comunicación.
- Recoñecer os números ata o 5.
- Gozar cos festexos e celebracións da escola: festexo fin de curso.

Contidos:

- Relacións de amizade e compañeirismo.
- Sentimento de pertenza a un grupo.
- A imaxe propia e dos demais.
- Valoración da lingua oral como instrumento de comunicación.
- Recoñece os números ata o 5.

Elementos transversais:

- Educación para a convivencia.

Actividades:

- Elaboración da cinta de graduación.
- Elaboración do diploma.
- Festa da auga.
- Elaboración da decoración do patio para a festa fin de curso.
- Reportaxe fotográfica de despedida.
- Festa fin de curso: entrega de diplomas e acto de diplomatura.
- Instalación: trasvases: a praia.

Criterios de avaliación:

- Acepta as relacións de amizade.
- Intégrase dentro dun grupo.
- Recoñece a súa imaxe e a dos compañeiros.
- Manifesta interese por comunicarse.
- Emprega a linguaxe oral correctamente atendendo a súa idade
- Recoñece os números ata o 5.
- Goza cos festexos e celebracións da escola: festexo fin de curso.

16. CONCLUSIÓNS

A Escola Infantil Municipal de Outes pretende seguir unha programación adecuada en relación co alumnado matriculado, adaptándose ós ritmos e estilos de aprendizaxe deste. Unha vez máis préstase especial atención ás familias, atendendo ás súas demandas, acadando unha mellor socialización das crianzas e buscando o cumprimento dos obxectivos marcados neste documento. Por unha banda, trátase de que as familias concilien vida familiar e laboral e, por outra, que a rapazada sexa cada vez máis autónoma, fagan os primeiros vínculos sociais e conquisten a linguaxe. En definitiva, que acaden un desenvolvemento integral que lles facilite o acceso ó segundo ciclo da Educación Infantil.

Mediante unha metodoloxía construtivista as educadoras desenvolverán as áreas de coñecemento de si mesmo e a autonomía persoal, área de coñecemento do entorno e área das linguaxes, entendidas como espazos de aprendizaxe de toda orde: de actitudes, procedementos e conceptos, sendo imprescindible a avaliación continua no proceso de ensinanza-aprendizaxe, sobre todo neste contexto tan cambiante, o cal propiciará a aproximación dos nenos e nenas á interpretación do mundo, dándolle significado e facilitando a participación no mesmo.

Para rematar, dicir que esta programación está elaborada para levar a cabo no Punto de Atención a Infancia de Outes, co cal, ao ser posta en práctica, estará suxeita a numerosas modificacións en función da realidade vivida durante o seu tempo de aplicación. Non se debe esquecer a posibilidade de precisar realizar algún tipo de reforzo educativo, é dicir, a modificación dun ou varios elementos non prescritivos do currículo, para atender ás necesidades educativas dunha alumna ou alumno concretos.

17. BIBLIOGRAFÍA

- Regulamento de Réxime Interior do Punto de Atención á Infancia do Concello de Outes.
- Decreto 150/2022, de 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.
- Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos programas e dos centros de servizos sociais en Galicia.
- Palacios, Marchesi y Coll (1992): Desarrollo psicológico y educación. Madrid. Alianza.